



## CONCELLO DE SADA

### ACTA Nº 2 DO TRIBUNAL CALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE TÉCNICO DEPORTIVO

No Concello de Sada, sendo ás 14.00 horas do día 19 de setembro de 2016 reúnese o Tribunal calificador do proceso selectivo para a selección dunha praza de persoal laboral temporal de técnico deportivo, coa asistencia dos seguintes membros:

- Presidente: D. Jaime Presas Beneyto.
- Secretario: D. Carlos Pérez González.
- Vogais:
  - D. Luis Arias Barbeito.
  - D. Roberto García Fernández.
  - D. Marcos Docampo Fraga.
  - D<sup>a</sup> Luisa Celis Sanmiguel.

#### A) ANÁLISE DAS ALEGACIÓNS REALIZADAS POR D. ANDRÉS EIRÍS BARCA

1º. No que atinxe á impugnación da pregunta nº 21, os membros do Tribunal por unanimidade acordan **desestimar** a alegación, pro canto basearon a pregunta no libro “Anatomía Fisiología Primeros Auxilios”, da editorial Xaniño (varios autores), sendo este extremo corroborado na web da Seguridade Social, que permite hoxe en día como último recurso a técnica do “torquinete”.

2º.- Con respecto á impugnación da pregunta nº 25, os membros do Tribunal por unanimidade acordan **desestimar** a alegación, dado que o obxectivo prioritario e principal na organización do día do deporte é demostrar que hai unha actividade deportiva que se adapta a cada persoa.

3º.- No que respecta á pregunta nº 28, os membros do Tribunal acordan por unanimidade **ratificar** o seu criterio manifestado na acta nº 1, no sentido de anular a pregunta nº 28 ao non corresponder o publicado tanto na web municipal como no *I Plan Estratéxico para a área municipal de Deportes e o sistema deportivo de Sada* coa realidade (logo da comprobación co Servizo de Urbanismo municipal) e ser posto de manifesto o dito erro polo aspirante recorrente. En consecuencia, **desestímase** a alegación do interesado.

4º.- No que se refire á impugnación da pregunta nº 29, os membros do Tribunal acordan **desestimar** a alegación por unanimidade, por canto o concepto de parroquia non se refire exclusivamente ás situadas no medio ou nos núcleos rurais, dado que é unha distribución de administración eclesiástica con incidencia administrativa que igualmente se refire ás parroquia urbanas, entendendo polo tanto que a parroquia existente de Sada tamén debe computarse.

No apartado 9.1.2.3.1 do *I Plan Estratéxico para a área municipal de Deportes e o sistema deportivo de Sada* aparecen un total de 8 instalacións polideportivas: 2 en Sada e 6 nas restantes parroquias, debendo ter o opositor a pericia suficiente para coñecer a existencia das diversas parroquias tanto urbanas como rurais do municipio, o que por outra banda forma parte da comprensión do conxunto do termo municipal.

5º.- Con respecto á impugnación da pregunta nº 31, os membros do Tribunal acordan **estimar** a alegación por unanimidade, xa que efectivamente a resposta c) carece de sentido se non vén precedido da expresión “Non”.

En consecuencia, **anúlase a pregunta de reserva nº 31, e pasa a computarse á nº 32**, procedendo á rebaremación dos aspirantes presentados.

## B) ANÁLISE DAS ALEGACIÓNS REALIZADAS POR D. RAFAEL PENA PÉREZ.

O Sr. Pena Pérez realiza as mesmas impugnación que o Sr. Eiris con respecto ás preguntas nº 25, 29 e 31, facendo unha consideración (que non impugnación) sobre a nº 28. O Tribunal acorda remitirse aos argumentos xa esgrimidos con respecto ao outro alegante Sr. Eiris Barca.

No que atinxe á pregunta nº 33, con independencia de que non foi obxecto de valoración ao ser a terceira pregunta de reserva, a resposta nº b) que se deu por correcta: catro parques atópase no apartado 9.1 da análise da situación no *I Plan Estratéxico para a área municipal de Deportes e o sistema deportivo de Sada*, fala a súa vez do sistema urbanístico, e no apartado 9.1.3.5 "plazas y parques" fai referencia a que a actividade física pode desenvolverse neses 4 parques. Os membros do Tribunal acordan por unanimidade **desestimar** a dita alegación.

Con respecto á consideración que realiza da anulación polo Tribunal da pregunta nº 28, obedeceu a unha reclamación verbal doutro aspirante reflectida na acta nº 1, e que os membros do Tribunal tras realizar as comprobacións oportunas e percatados do erro decidiron anulala de oficio, sendo ese criterio o que se aplicou por igual para o conxunto dos aspirantes.

Como resultado da estimación/desestimación das alegacións efectuadas e considerando que o único aspirante afectado pola posibilidade de presentarse ao 2º exame é o D. Rafael Pena Pérez, o resultado do seu primeiro exame **é 14 puntos**.

A rebaremación do resultado dos restantes aspirantes no primeiro exercicio realizarase nunha sesión posterior, ao non incidir no seu dereito a realizar o 2º exame.

E para que conste para os efectos oportunos, a reunión do Tribunal calificador conclúe sendo ás 15.10 h da data enriba sinalada, de todo o cal e como resultado esténdese a presente acta, da que eu secretario dou fe.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO

OS VOGAIS

